

DOS ARCHIVOS DO TRASNO

O final ha ter a virtude de facer simultáneas no espírito as imaxes que foron sucesivas. Fálase aquí de final, referido ao da narración breve, o conto; e fala Rafael Dieste nas páxinas en que, a xeito de limiar, expresa esencialmente o seu concepto do conto, os elementos que se teñen de ofrecer nel, as súas esixencias como xénero literario.

Vinte son os que reune en *Dos arquivos do trasto*, a que pertence o prólogo citado. Habería que destacar, en primeiro lugar, o feito de que Dieste, home da súa terra, en esencia e por vocación, entenda o seu entrafamento, en verdadeiro escritor, como puño para acadar maior amplitude de horizontes. E non verbo dela, nestes brevísimos relatos, afecte expresamente ao fondo ou á forma, á temática ou aos tipos humanos que se asoman en cada un, case sempre encaixados en lugares propios, vencellados a circunstancias craramente localizables, senón en virtude da súa calidade, a mesma calidade de escritor que lle permite a Dieste atinxir un lonxano branco, partindo do cordialmente inmediato.

Un entrecruzado de liñas que indican os camiños tentados pola creación literaria na súa novidade e variedade de manifestacións, parece acusárese ao longo da obra, mais aduñíbel que visible. Será innecesario advertir que se non alude aquí a tendencias, nin menos a fórmulas, cando está diante de todo presente a personalidade de Dieste, e cando, posiblemente, teña que se lle conceder a estes relatos, en canto á data na que foron escritos, unha medida cronolóxica de varios anos, a xuzgar polo tan belo de "Estrelaña", que se inclúe, entre outros, con seguridade posteriores. Pero un escritor responde ao seu tempo e ás correntes artísticas do seu tempo, que siga ou non siga, acepte ou non acepte, serán constancia na súa obra, na súa propia forma de se enfrentar á creación literaria.

Dieste, que expón tan axeitadamente algúns elementos do conto —a unidade emotiva conséguese no conto pola teima do que ten que sobrevivir— coida de non sometelo ao molde dunha definición pechada.

Permítelle discurrir en rampa libre sin lindeiros que o condicionen. Só así cabe lograr nunhas páxinas —tres, catro, ás veces dúas— unha intensidade descritiva e emotiva dentro do tono menor que o autor lle impón voluntariamente á súa prosa. Así, no relato que encabeza o conxunto, "A morte de Bieito". Podería ser un conto tremendista. Seríao noutras mans. Ou ben, considerando ao tremendismo como circunscrito a un ámbito literario, un conto feroz, bárbaro. Nono é, noustante, e a forte impresión que nos produce non autoriza a establecer a relación. A definitiva influencia da personalidade do autor fronte ao tema ofrécese aquí patente.

Si en virtude dese complexo sistema de conexións que establecen na lembranza e na imaxinación algunhas lecturas, por vía de intuición mais que de lóxica, acuden á memoria, ante este conto, outros tiduos e o nome doutros autores, elo valería de confirmación ao exposto anteriormente. Por exemplo, en "A mosca no cadaleito", Erskine Caldwell amosa, mais que ferocidade, un xeito extremo do seu acostumado sarcasmo, revestido dunha ledicia que atinxe só

a medias a afogar a compasión que lle inspira o mundo humano presente no enterro do vello. Nada ten que ver ese enterro co de Beito, nin ese mundo co que forman as persoas que acompañan a Beito, morto ou vivo. Nada ten que ver, nin en esencia nin en accidente, un conto con outro. Pero falaba eu do que significa a presenza do autor fronte ao núcleo inicial do tema. A cita ten por obxecto exclusivamente afirmalo. En relación con ela apréciase o valor da diferenza de luces enfocadas cara unha caixa de morto, que dan un primeiro plano ferinte ou un sistema de matices cuxa finura semella aquí imposible de acadar. Todo o que no conto de Dieste podería ser horror, afógase na intimidade do que narra, na súa conciencia. Distinto e na mesma liña temos a historia de cómo se condena "o Ramires". E tamén unha intimidade trascendida en misterio en "O regreso" e "A luz en silencio".

Mais directo, pero encaixado no xogo de suposicións que o amplía na súa brevedade, que impide limitalo, amósasenos "O vagabundo", mergullado nunha vaguedade que lle confire un especial feitizo. Un canto magnífico este do vagabundo. E seguindo adiante atoparemos unha voluntaria aparencia disparatada, unha fantasía dirixida ao simbolismo, unha intención satírica en "O neno suicida" e "Once mil novecentos vinte e seis". E hai que citar de novo esa maravilla en pequeno, resumida en menos de dúas páxinas, que é na obra de Dieste "Na morte de Estrelia". Habería que citar un por un os tidos deste volume e deterse en cada conto; destacar a variedade do conxunto dentro da unidade que lles adxudica responder a unha mesma visión do mundo, a panorámica visión do mundo que parte do propio e entrañable; a un sentido da vida e das cousas, a un concepto da narración entendida como arte. Parece que o autor desexou sacrificar o brillo á fondura, á emoción, só latexante, noustante, como o humor. Hai relatos cun alcance metafísico, e relatos cunha porta aberta ao espanto. Pero hai relatos suavemente apagados, sobre cousas mínimas, que nos ofrecen só un alentar humano, un momento das horas dun home. E todos entran por igual no mundo do escritor, de Dieste.

CONCHA CASTROVIEJO

A FIESTRA VALDEIRA

Emprinciaremos por dicir que no noso país, e en lingua galega, pouco se leva feito en serio en materia teatral. Son escasos os que se atreven a crebar lanzas contra esta xordomudez —creando, craro está—, e demostrar ate onde atinxe o vigor que cabe na punta da pluma, previamente mollada en sustancia gris.

Así como noutros xéneros literarios a nosa cultura contemporánea ofrece expresivas amosas de vitalizadora creación, non pode decirse outro tanto sobre o xénero dramático. Parece como si faltasen alentos, vitalidade e coraxe para afrontalo; e o que é peor, esfumouse como por encanto o afán de aventura intelectual que nalgún tempo existiu.

De entre as poucas cousas calificadas de teatro galego coas que contamos, unha é *A fiestra valdeira*, de Rafael Dieste. Unha peza que o propio O'Neill louvou. Trátase dunha comedia mariñeira de tipo simbolista, como é sabido. Desenvólvese nunha pequena vila de Galicia durante os primeiros anos do século actual. O asunto móvese arredor do retrato dun vello pescador enriquecido; retrato onde o artista situou unha fiestra desde a que se ollan o mar, para simbolizar a alma e o pasado do vello novo rico.

A traveso dos tres lances, aléntase unha atmósfera de preocupación, de emotividade. Hai unha evidente forza ambiental diseminada en cada situación, en cada personaxe. Don Miguel —o principal protagonista— déixase vencer pola influencia familiar, e propónlle ao pintor que modifique o fondo do cuadro —evocador dun pasado de pobreza— substituíndoo por outro de carácter máis